


Letras Galegas 2019



Antonio Fraguas,
con **A** de agarimo e **F** de folclore

XUNTA DE GALICIA



Antonio Fraguas,
con **A** de agarimo e **F** de folclore

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Cultura e Turismo

Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

Secretaría Xeral de Política Lingüística

CEIP Xesús San Luís Romero (Carballo)

Coordinadora:

Villar Hermida, María Aurora

Imprime: Gráficas Anduriña

Depósito legal: C 604-2019



Autoría:

Álvarez Veira, María Consuelo

Brandón Añón, Ana María

De León del Río, César

Facal Pérez, Sabina Isabel

García Amigo, Nuria del Socorro

García Arijón, María del Mar

García Darriba, Nazareth

Garrido Salgado, Iria

Liñeiro Insua, Judit

López Losada, María Luisa

Mato Blanco, María José

Miranda Pazos, Yéssica

Pacoret Balsa, María Josefa

Pereira Corral, María

Rey Cuba, Alicia

Rodríguez Fariña, Laura

Rodríguez Grela, Verónica

Rodríguez Rama, Patricia

Sedes Yáñez, Uxía

Villar Hermida, María Aurora

Coa colaboración do alumnado, do persoal non docente e da comunidade educativa do centro.

Contouse coa colaboración especial de Agostiño Lagoa Fraga.



Antonio Fraguas, con **A** de agarimo e **F** de folclore

ÍNDICE

| | |
|---------------------------------------------------------|----|
| * Presentación..... | 4 |
| * Biografía..... | 5 |
| * Biografía en pictogramas..... | 8 |
| * Actividades para educación infantil..... | 10 |
| * Actividades para 1.º curso de educación primaria..... | 14 |
| * Actividades para 2.º curso de educación primaria..... | 16 |
| * Actividades para 3.º curso de educación primaria..... | 19 |
| * Actividades para 4.º curso de educación primaria..... | 21 |
| * Actividades para 5.º curso de educación primaria..... | 24 |
| * Actividades para 6.º curso de educación primaria..... | 27 |
| * Referencias bibliográficas..... | 30 |
| o Bibliografía..... | 30 |
| o Webgrafía..... | 31 |
| o Fotografías..... | 31 |



Agradecemoslle profundamente a Antonio Fraguas Fraguas, autor homenaxeado neste ano polo Día das Letras Galegas, o seu labor de recuperación e transmisión de tradicións propias da nosa comunidade. Nesta época na que todo cambia a un ritmo tan vertixinoso, temos a sensación de que o mundo rural e a lingua galega teñen cada vez menos seguidoras e seguidores. Nós tomaremos como referente este galego de ben que traballou arreo por e para Galicia. O Equipo de Dinamización da Lingua Galega, en estreita colaboración co Equipo de Biblioteca Escolar e co Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, e de acordo coas directrices de Fraguas, que levou Cotobade do local ao universal, vai poñer en valor os trazos de identidade da nosa vila. Esperamos que vós, compañeiras e compañeiros, alumnas e alumnos dos distintos colexios, fagades outro tanto.

Fixemos esta exposición co título Antonio Fraguas, con **A** de agarimo e **F** de folclore. Optamos por Antonio, en vez de Antón, porque ese é o nome que consta na súa partida de nacemento, e ademais é así como el prefería que lle chamasen; con **A** de agarimo, porque era moi boa persoa e así trataba o seu alumnado e a quen se cruzaba na súa vida e non lles gardaba rancor nin aos que lle fixeran mal; e con **F** de folclore, porque este era o eixe central do seu labor na recollida da cultura popular galega. Na elaboración deste traballo respectamos o estilo de Antonio Fraguas; fixémoslo en equipo, sen moito lugar para o lucimento individual, procurando chegar a acordos para acadar o obxectivo.

Facilitamos dez carteis que elaboramos entre todo o alumnado e o profesorado, coa pretensión de dar a coñecer a obra, a lingua e a época na que viviu e traballou Antonio Fraguas. A guía vai encamiñada tamén a continuar o seu labor de investigación e recompilación de coplas, lendas, contos, ditos, refráns, adiviñas, costumes e tradicións de todos os recunchos de Galicia. O estudo realizado en cada colexio hanos axudar a medrar xuntos no plano cultural e a enriquecernos mutuamente. Para unha mellor difusión botaremos man das novas tecnoloxías e tamén de libros porque, como ben dicía Fraguas, "...son compañeiros infatigables, amigos sempre, os máis nobres, os que distraen, os que te fan pensar, que é unha das cousas que hai que facer".



**BIOGRAFÍA**

Antonio Fraguas Fraguas naceu o 28 de decembro de 1905 na aldea de Insuela, na parroquia de Santiago de Loureiro, en Cotobade (Pontevedra). Seu pai, Manuel, canteiro de oficio, tivera que marchar para O Brasil traballar na construción das vías do tren de Niteroi; a dura situación económica non lle permitía esperar ao nacemento do seu único fillo.

Os primeiros anos, Antonio criouse coa súa nai e coa mamá Antonia, unha señora que vivía na súa casa. Estas dúas mulleres marcaron a súa vida e a súa obra, foron as súas primeiras mestras. Teresa, a nai, traballaba nos labores da casa e do campo e foi quen lle ensinou as primeiras letras. Antonia, malia que non sabía ler, coñecía moitas tradicións galegas e foi quen de llas transmitir moi ben. Outra persoa que influíu moito nel foi o mestre Antonio, que daba clases no lugar de Famelga. Decatouse de que valía para estudar e falou co pai para que lle dese unha "carreiriña", en vez de ir toda a familia para O Brasil.

Estudou o bacharelato no Instituto Xeral e Técnico de Pontevedra, onde tivo a sorte de ter excelentes profesores, entre outros, Sobrino Buhigas, Castelao e Losada Diéguez, que foi moi importante para el. Trabou con eles unha relación de amizade que ía durar de por vida. Nesta época interveu por primeira vez nun mitin agrarista a favor de Portela Valladares e foi tamén cando coñeceu o seu amigo Sebastián González. En 1924, fundan a Sociedade da Lingua para defenderen o galego e elaboraren un dicionario.



Cursou estudos de Filosofía e Letras en Santiago de Compostela, carreira que remataría en 1928 coa cualificación de sobresaliente. Nestes anos, afíliase ás Irmandades da Fala, ingresa no Seminario de Estudos Galegos e participa nos seus traballos de campo para estudar castros e mámoas de zonas como Lalín ou Melide.

En 1929 publicou no xornal *A Nosa Terra* o seu primeiro artigo en galego, titulado "Unha serán na catedral". Neste tempo tamén colaborou na revista *Nós* con "O Entroido nas terras do Sul de Cotobade" (1930), "O culto ós mortos", "Do folk-lore de Armeses-Listanco" (1931) e "As lendas da fonte Pormás" (1932) e participou no traballo "Mámoas do Saviñao" (1930) e no libro *Terra de Melide* (1933).

Afiliouse ao Partido Galeguista e defendeu o Estatuto de autonomía. Coa chegada da Guerra Civil, sufriu as represalias da ditadura franquista e foi suspendido de emprego e soldo. Perdeu a praza de profesor e tivo que volver opositar.

En 1943 volveu publicar artigos e libros, mais en castelán. Colaborou na revista *Cuadernos de Estudios Gallegos* e publicou os libros *Historia del Colegio de Fonseca* e *Los colegiales de Fonseca*, froito da súa tese de doutoramento. A finais dos sesenta, volveu publicar artigos e libros en galego, como facía antes da guerra.

Ao longo da súa vida escribiu sobre o traxe tradicional, as romarías e santuarios, as nosas tradicións, a xeografía galega e tamén varias biografías: de Castelao, Emilia Pardo Bazán, Aquilino Iglesia Alvariño, Celso Emilio Ferreiro e Manuel Murguía. A súa obra é moi ampla e nela mostrou un galego auténtico, sinxelo e agarimoso.

Ademais de escritor (articulista, ensaísta e biógrafo), foi antropólogo, etnógrafo, conferenciante, político, locutor de radio e mesmo actor en Unión Radio Galicia, a primeira emisora da nosa terra e a primeira en galego.

Exerceu de profesor nos institutos nacionais de segunda ensinanza de Santiago de Compostela e da Estrada e, despois da guerra, no Instituto Masculino de Lugo (actual



Lucus Augusti) e no que hoxe é o Instituto Rosalía de Castro en Compostela, onde se xubilou en 1975. Tamén deu clases na universidade e na Academia Menéndez Pelayo. Aínda que desenvolveu diferentes actividades e desempeñou diversos cargos ao longo da súa vida, a faceta docente era a súa preferida.

Como profesor era excepcional e moi querido polo seu alumnado. Chamábanlle san Fraguas porque era moi amable e sempre loitou polos dereitos das persoas máis desfavorecidas, especialmente polos rapaces e rapazas que, coma el, proviñan do medio rural e contaban con escasos recursos económicos para poderen estudar. A súa metodoloxía de ensino era moi innovadora para a época; encantáballe facer saídas e traballos de campo co seu alumnado.

Gustábanlle moito os libros e a súa xenerosidade levouno a doarlle a súa biblioteca persoal ao Museo do Pobo Galego, do que fora fundador, director e presidente.

Fraguas foi un referente do galeguismo e dedicou toda a vida a loitar pola defensa da lingua e da cultura galega. Polo seu labor, foi elixido membro da Real Academia Galega e do Consello da Cultura Galega e recibiu múltiples premios e recoñecementos.


Finou en Santiago o 5 de novembro de 1999 e foi trasladado ao cemiterio de Boisaca. Coincidindo co vixésimo aniversario do seu pasamento, este ano dedícaselle o Día das Letras Galegas. Esta é unha homenaxe que ten ben merecida por levar sempre Galicia no corazón e axudar a fraguar a nosa lingua e a nosa cultura. Traballando arreo, como o canteiro que traballa co cicel na pedra, el loitou por recuperar e inmortalizar as nosas raíces.

**“Sempre desinteresadamente, non máis que polo ben de Galicia.
Por amor á nosa Terra”.**





BIOGRAFÍA DE ANTONIO FRAGUAS EN PICTOGRAMAS



ANTONIO NACEU NUNHA ALDEA DE PONTEVEDRA NO ANO 1905.



A SÚA NAI TRABALLABA NA CASA E NAS LEIRAS E APRENDEULLE A LER.



ATA OS OITO ANOS CRIOUSE COA SÚA NAI E NON TIVO IRMÁNS.



O SEU PAI ESTABA EMIGRADO NO BRASIL E ERA CANTEIRO.



ESTUDOU NO INSTITUTO DE PONTEVEDRA.



FOI MOI BO ALUMNO NA FACULTADE DE FILOSOFÍA E LETRAS EN SANTIAGO.




EXERCEU DE PROFESOR, ANTROPÓLOGO, CONFERENCIANTE E ETNÓGRAFO.



DIFUNDIU A CULTURA GALEGA E OCUPOU A CADEIRA DE CASTELAO NA RAG.





ESCRIBIU NUMEROSOS ARTIGOS DE REVISTAS E LIBROS.



FOI LOCUTOR DE RADIO GALEGA E INTERVEU EN LINGUA GALEGA.



FOI DIRECTOR E PRESIDENTE DO MUSEO DO POBO GALEGO.



RECIBIU MOITOS PREMIOS E MEDALLAS.



DOULLE A SÚA BIBLIOTECA AO MUSEO DO POBO GALEGO.




FINOU EN SANTIAGO EN 1999 CON CASE 94 ANOS.




Antonio Fraguas estaría encantado de que a mamá Antonia, que non sabía ler, escoitase a súa vida e obra. Aquí podedes acceder ao *Symbaloo* onde penduramos un vídeo co texto de cada cartel.

Vai dirixido a todas as persoas: ás que saben ler, ás que non saben e ás que non poden pero que desexamos que gocen igualmente do seu legado.




EDUCACIÓN INFANTIL


* ESTE É ANTONIO FRAGUAS. FÍXATE BEN NA SÚA FOTO E DEBÚXAO.




* FIXÁNDOTE NO CARTEL 1 DA EXPOSICIÓN, PESCUDA EN QUE MES NACEU FRAGUAS.



* NESTA FOTO, ANTONIO FRAGUAS ESTÁ ACOMPAÑADO DA SÚA NAI, DÚAS TÍAS E UN TÍO. DEBUXA TI A TÚA FAMILIA.



- * O PAI DE ANTONIO FRAGUAS FOI TRABALLAR AO BRASIL. VIAXOU POR MAR. QUE MEDIO DE TRANSPORTE UTILIZOU? COLORÉAO.



COÑECES OUTROS MEDIOS DE TRANSPORTE?

- * MANUEL, O PAI DE ANTONIO, QUERÍA QUE O SEU FILLO FOSE MAQUINISTA DE TREN. E TI, QUE QUERES SER DE MAIOR?
- * LEVA O ESCORNABOT Á FIGURA DE ANTONIO FRAGUAS.



SE CHE RECORDAMOS QUE O ANO PASADO A AUTORA HOMENAXEADA FOI MARÍA VICTORIA MORENO, SABERÍAS LEVAR O ESCORNABOT A ESA IMAXE?



- * NO CARTEL 2, APARECEN DÚAS PERSOAS QUE INFLUÍRON MOITO EN ANTONIO FRAGUAS. CHAMÁBANSE A MAMÁ ANTONIA E ANTONIO, O MESTRE DA ESCOLA DE FAMELGA. NA IMAXE DESE CARTEL MESTÚRANSE DÚAS CORES E DAN COMO RESULTADO OUTRA. DE QUE COR ESTÁ PINTADO ANTONIO FRAGUAS? REPARA.




XOGA TI NA AULA A FACER CORES NOVAS.

- * FÍXATE NA EXPOSICIÓN DOS CARTEIS. EN TODOS ESTÁ DESTACADO O "A" E O "F". POR QUE SERÁ? ESCRIBE TI OUTRAS PALABRAS RELACIONADAS CON ANTONIO FRAGUAS QUE COMECEN POR:

A _____

F _____

- * ANTONIO FRAGUAS DEDICOU PARTE DO SEU TEMPO A RECOMPILAR XOGOS TRADICIONAIS. UN DELES FOI A PITA CEGA, Á QUE XOGABA CANDO ERA NENO. COÑECÉDELO? XOGADE NO COLEXIO COS COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS.
- * FÍXATE NO CARTEL 1. COMO SE SENTIRÍA A NAI DE ANTONIO, TERESA, CANDO VIU QUE O SEU HOME MARCHABA PARA O BRASIL?



FALADE DE COMO NOS SENTIMOS CANDO NOS PASA ALGO ASÍ.




- * PRECISAMOS DA TÚA AXUDA! COMPLETA CON VOGAIS O SEGUINTE CADRO E DESCUBRIRÁS O NOME DO AUTOR HOMENAXEADO O 17 DE MAIO DE 2019.

_NT_N__ FR_G__S FR_G__S

- * BUSCA COA AXUDA DO TEU MESTRE OU MESTRA ONDE ESTÁ COTOBADE, O LUGAR ONDE NACEU ANTONIO FRAGUAS. DESPOIS COLOREA A PROVINCIA NA QUE SE ATOPA.



- * SERÁS QUEN DE DESCUBRIR O NOME DO AUTOR HOMENAXEADO? EMPREGA O SEGUINTE CÓDIGO.






1.º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- * No cartel 2 cítase a mamá Antonia, gran transmisora de literatura de tradición oral. Dela aprendeu coplas como esta panxoliña:


"Con un sombreiro de 

un galego ó Portal foi,

e mentras adoraba ó 

comeulle o  o  ."

(p. 26)




- Agora escribe ti a cantiga.

- Xoga con esta cantiga. Despois de aprendela cámbialle dúas palabras para facer unha nova.
- Que animal aparece nela? Investiga algo sobre el.
- Con que festa se relaciona?


- * A Antonio Fraguas gustáballe recoller as tradicións populares da zona onde vivía. Pregunta na casa a que xogaban as persoas maiores na súa nenez. Tráeo apuntado para compartir coas compañeiras e cos compañeiros.






* No cartel 1, aparecen os nomes dos pais de Antonio Fraguas. Escríbeos. Logo fai ti a túa árbore xenealóxica:

* No cartel 2, aparecen Antonia e Antonio como persoas que deixaron pegada na vida de Antonio Fraguas. Investiga para saber quen eran e cóntalles ás compañeiras e compañeiros quen deixou pegada en ti. Fai un debuxo.




* No noso cole elaboramos o seguinte marcador. Propoñémosvos que fagades vós tamén o voso.

| | | | |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|--|
| <p>LETRAS GALEGAS 2019</p>  <p>ANTONIO FRAGUAS (1905-1999)</p> <p>Escritor, historiador, profesor etnógrafo e antropólogo.</p> <p>Equipos de Dinamización da Língua Galega</p> <p>CEIP XESÚS SAN LUIS ROMERO</p> | <p>"Os libros son compañeiros infatigables, amigos sempre, os máis nobres, os que distraen, os que te fan pensar, que é unha das cousas que hai que facer."</p> <p><i>Antonio Fraguas Fraguas</i></p> | | |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|--|



2.º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

* No libro *A festa popular en Galicia* aparece a seguinte cantiga:



"Señora María,
señor Manuel
castañas asadas
e viño con mel."

(p. 53)

- Agora inventa ti outra cantiga cambiando os nomes por outros de compañeiras e compañeiros da túa aula.

- Que alimentos aparecen?
- Con que festividade se relacionan as castañas?

* Antonio estaba orgulloso de que no Museo do Pobo Galego houbera ferramentas do seu pai. Mira o cartel 1 e adiviña a que se dedicaba Manuel Fraguas.



- Os que se dedicaban a este oficio facían casas e tamén cruceiros, hórreos, igrexas, fontes e pías. Indaga que construcións deste tipo hai na túa zona.
- Pensade se hai no voso contorno un hórreo e planificade unha saída. Nós propoñemos que visitedes o hórreo de Carnota. Contade cantos pés ten e preguntade por que ten esa forma e para que se usa.



- * No cartel 9, vemos que ata lles puxeron o nome de Antonio Fraguas a rúas de distintas localidades. Investiga se hai algunha no teu concello. Busca lugares de Galicia onde xa lle dedicaron unha rúa.



- * Na vida de calquera de nós é moi importante a amizade. Cando estaba no instituto, Antonio Fraguas coñeceu a Sebastián González García-Paz e fixéronse moi amigos. Describe ti o teu mellor amigo ou amiga.

- * Antonio Fraguas e mais os seus amigos crearon a Sociedade da Lingua. Un dos seus obxectivos era defender o galego e crear un dicionario.

Por que non facedes un dicionario especial? Recortade tantas tarxetas como compañeiras e compañeiros haxa na clase. Escribide unha palabra galega que vos pareza fermosa. Para espallar a lingua, pendurádeas no voso colexio, onde se vexan ben! Poñémosvos un exemplo:



- * Antonio Fraguas recompilou moita información sobre a cultura popular galega. No cartel 9 aparece un libro del sobre unha festa popular que se celebra entre febreiro e marzo. Descubre cal é.

Noutros lugares de Galicia, como en Laza, Verín, Xinzo de Limia, A Ulla, Viana do Bolo, Chantada, Pontevedra, Maceda ou A Coruña esta festa ten moita tradición. Formade grupos e cada un elixide un destes lugares para ver como se celebra. Logo facede unha posta en común sobre o que descubristes.




- * Le con atención o cartel 1 e a biografía que aparece nesta guía didáctica. Antonio Fraguas di que naceu o Día dos Santos Inocentes. A que día concreto se refire?

_____.


Agora, mirando un calendario deste ano, responde:

En que día da semana cadra? _____.

- * Antonio Fraguas sabía moito de construcións populares. Dálle as indicacións ao escornabot para que pase polos cadros do panel que conteñen as imaxes das edificacións sobre as que traballou.



- * Escribe o alfabeto. Rodea a cuarta letra e adiviñarás cal era a que máis lle custou aprender a Antonio Fraguas ata que a mamá Antonia lle dixo: "Acórdate polo dedo".





3.º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

* "O neno criouse en Loureiro igual que os demais: comendo basicamente broa e caldo, enredando nos camiños..." Clodio González Pérez

- Fíxate ben. Que comía Antonio Fraguas? e
- Preguntade na vosa casa ou nas tendas sobre estas dúas comidas típicas do século pasado. Como é a broa? Podedes pescudar outros nomes deste alimento? Como se fai o caldo? Séguense a tomar hoxe en día?



- Facede un libro con receitas tradicionais que vos gusten e publicádeo no blog do centro.
- Fraguas fala na súa obra de varias receitas do Entroido, como os petotes, a vincha ou a cacheira. Por que non facedes unha? Gravádea para o blog.

* Aprende a cantiga que recolleu no libro *A festa popular en Galicia*:

"Non chas quero, non chas quero,
castañas do teu magusto;
non chas quero, non chas quero,
que me cheiran ó chamusco."

(p. 53)

Estuda como se celebra esta festa na túa localidade.

* Antonio Fraguas recolleu moitas tradicións sobre os muíños. No seu libro *A festa popular en Galicia* escribe sobre eles. Buscade información sobre os muíños e as muiñadas.




- * Que teñen preto os muíños galegos, algo que precisan para moverse?

Sabías que tamén hai muíños de mareas? Un dos máis coñecidos é o muíño das mareas do Pozo do Cachón (Serres, Muros). Indaga se hai outros.



- * Fíxate no cartel 1, titulado "Insuela, o berce". Fai un texto parecido sobre ti e ponlle tamén un título. Logo mesturádeos todos e xogade a adiviñar de quen é cada texto.

- * Con 18 anos, Antonio Fraguas fundou en Pontevedra, xunto con outros compañeiros a Sociedade da Lingua, co obxectivo de loitar na defensa do galego. Escribiu un dicionario que nunca chegou a saír do prelo.



- * Nós, do mesmo xeito, debemos dignificar o galego como lingua de expresión válida para calquera tipo de coñecemento. Que vos parece se facemos entre todas e todos o noso dicionario de homenaxe a Antonio Fraguas? Nós empezamos, vós seguides.



- Escribe o apelido do autor en minúscula: _____
- Pásao ao singular: _____
- Que é unha fragua? Se o precisas, utiliza o *Dicionario da Real Academia Galega* en liña ou o que teñas na aula para procurar o seu significado: _____

- Con que oficio está relacionada esta palabra?

- Transforma o nome "fragua" en verbo. Que significa?



4.º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- * Descubre no cartel 1 o país a onde emigrou o pai de Antonio. Debuxa nun mapa a ruta que seguiría para ir ao seu destino.

A que países adoitaban emigrar os galegos e as galegas no século XX? E por que?

- * Fraguas estudou a literatura oral popular e axudou a conservala. Entre as cantigas que aparecen no seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, titulado *As coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade*, recóllese esta:

"Sementei millo miudo
na ventana dun ferreiro,
sementei millo miudo
naceume un carabeleiro."

(p. 18)



- Na cantiga anterior fálase de millo miúdo. Que é? Axúdate do *Dicionario da Real Academia Galega* que aparece no botón sete do Symbaloo.
- Busca tamén as palabras que riman nesta cantiga. Sublíñaas.
- A rima é asonante ou consonante?
- Que nome de oficio aparece nesta cantiga? Coñeces alguén con este oficio? E algunha ferramenta?
- Fraguas investigou moito sobre os oficios. Realizade unha visita virtual á sala dos oficios do Museo do Pobo Galego.



<http://museodopobo.gal/web/expo-sala-oficios.php?acepta=1&lang=ga>



- * En 1933, Antonio Fraguas foi locutor e actor en varios programas en galego de Unión Radio Galicia, a primeira emisora da nosa terra. Facede un simulacro dun programa de radio sobre el e gravádeo nun *podcast* para contribuír tamén a dignificar a lingua.



- * Antonio criouse na aldea de Insuela e pertencía ao Quinteiro de Abaixo. Sabes que é un quinteiro? Se non coñeces esta palabra, utiliza o dicionario e escolle a acepción axeitada.
- * Antonio Fraguas era un gran contador de historias. Intenta imitalo e prepara unha historia para despois contarllela aos teus compañeiros e compañeiras.
- * Resolve o seguinte encrucillado que che axudará a coñecer máis o autor.

| | | | | | | | | | | | | | |
|----|--|--|--|---|--|--|--|--|--|--|--|--|--|
| 1 | | | | A | | | | | | | | | |
| 2 | | | | N | | | | | | | | | |
| 3 | | | | T | | | | | | | | | |
| 4 | | | | O | | | | | | | | | |
| 5 | | | | N | | | | | | | | | |
| 6 | | | | I | | | | | | | | | |
| 7 | | | | O | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | |
| 8 | | | | F | | | | | | | | | |
| 9 | | | | R | | | | | | | | | |
| 10 | | | | A | | | | | | | | | |
| 11 | | | | G | | | | | | | | | |
| 12 | | | | U | | | | | | | | | |
| 13 | | | | A | | | | | | | | | |
| 14 | | | | S | | | | | | | | | |


- | | |
|------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1 Como prefería que lle chamasen? | 9 Lugar onde leu a tese de doutoramento. |
| 2 Nome do seu pai. | 10 Importante escritor galego que foi profesor e amigo de Fraguas e que ocupou antes del a mesma cadeira na Real Academia Galega. |
| 3 Nome da súa nai e da súa dona. | 11 Fraguas traballou sempre por e para _____. |
| 4 Provincia de Galicia onde traballou de profesor. | 12 Parroquia onde naceu, que ademais é o nome dunha árbore. |
| 5 Muller que foi como unha mestra para el. | 13 Profesión do seu pai. |
| 6 Aldea onde naceu. | 14 Lugar onde pasou a maior parte da súa vida ata o seu pasamento. |
| 7 Concello onde naceu. | |
| 8 Lugar onde foi á escola cun mestre moi importante na súa vida. | |





5.º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- * Na súa obra, Fraguas estudou festas tradicionais como as muiñadas. No seu discurso de ingreso na Real Academia Galega citou varias coplas sobre elas, que se cantaban nas ruadas de Loureiro, en Cotobade. Por exemplo esta:



"Vamos o muiño vamos,
miña cariña de rosa,
vamos o muiño vamos
que esta semaniña é nosa."
(p. 15)

Preguntádelles ás persoas do voso contorno como eran as ruadas ou seráns e se lembran algunha copla. Logo inventade algunha na clase.

- * No libro *A festa popular en Galicia*, Antonio Fraguas recompilou algunhas cantigas que fan alusión ás feiras. Esta é unha delas:

"Adiós feira de Famelga,
feira de pasa-lo tempo
onde se van pasear
catro cabezas de vento."
(p. 67)

Pescuda información sobre as feiras do teu concello e trata de crear unha cantiga semellante á anterior que se refira a elas.

- * Fraguas foi membro do Seminario de Estudos Galegos e realizou traballos de arqueoloxía. Publicou libros e artigos sobre os castros, as mámoas e os petróglifos. Asocia as imaxes cos nomes:



Castro



Petróglifo




Mámoa



* Antonio Fraguas no seu discurso de ingreso na Real Academia Galega gabou a Castelao. El admirábao tanto que non se consideraba digno de ocupar a súa cadeira. Respondeulle Ramón Otero Pedrayo.



- Estes dous personaxes, que aparecen no cartel 8, tamén foron homenaxeados polo Día das Letras Galegas. Entra na páxina da Real Academia Galega e investiga para saber quen eran e que relación tiñan con Fraguas.
- Fraguas presentou o agrarista Joaquín Núñez de Couto nun mitin. Falou en contra do caciquismo. Castelao tamén criticou os caciques en debuxos como este.



Imaxe: 175 debuxos de Castelao, Fundación Caixa Galicia (1996)


Busca información sobre os caciques, que fixeron tanto dano na sociedade galega.

* Antonio Fraguas escribiu varias biografías: de Castelao, Manuel Murguía, Emilia Pardo Bazán, Aquilino Iglesia Alvariño e Celso Emilio Ferreiro. Vas facer coma el, que tamén se ocupou de moitas bibliotecas. Acude á biblioteca do teu centro e pescuda en que número da CDU (Clasificación Decimal Universal) podemos atopar as biografías. Atopaches algunha de Antonio Fraguas?

* Con Google Maps, realízade unha visita virtual polos lugares que tiveron importancia na vida de Antonio Fraguas. En Cotobade, parádevos nos sitios que marcaron a súa infancia. Dade unha volta pola Estrada, Lugo e Santiago de Compostela, a cidade onde se formou e na que pasou moitos anos. Facede un itinerario polas súas rúas e non esquezades visitar:



- ✱ Na seguinte sopa de letras atoparás unha ducia de adxectivos para definir a maneira de ser do autor homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas.



| | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A | X | T | V | P | S | N | A | D | N | L | N | B | X | N | C | S |
| D | E | S | I | N | T | E | R | E | S | A | D | O | L | U | X | T |
| S | N | L | N | T | R | F | A | H | I | M | O | D | E | S | T | O |
| F | E | O | D | R | A | T | E | V | P | A | H | G | X | I | A | H |
| A | R | D | U | E | B | E | R | A | S | B | H | A | S | T | S | U |
| C | O | P | L | S | A | B | X | L | A | L | G | I | L | U | A | M |
| H | S | S | X | I | L | I | N | O | N | E | O | R | A | P | T | I |
| V | O | T | E | P | L | A | I | P | T | R | P | B | I | T | E | L |
| E | M | S | N | L | A | G | A | R | I | M | O | S | O | F | N | D |
| H | U | A | T | L | D | E | N | T | U | O | L | D | S | R | T | E |
| R | D | U | E | P | O | L | I | F | A | C | E | T | I | C | O | P |
| E | S | G | T | O | R | E | S | P | O | N | S | A | B | L | E | A |

Anota agora os doce adxectivos que atopaches e escribe no teu caderno unha oración con cada un deles. Fai con algúns un texto sobre Fraguas para o blog do centro.

- ✱ No cartel 9 aparece un debuxo do traxe tradicional galego. Antonio Fraguas fala del nun dos seus libros.

- Serías quen de buscar na ilustración o seu título?
-
- Pescuda en Internet as partes do traxe galego e sinálaas nesta imaxe. Lembra que hai moitos modelos distintos, pero estas catro pezas téñenas todos.



Busca tamén o traxe tradicional galego de home e explícalles aos compañeiros e compañeiras de fóra de Galicia como son a monteira, as cirolas, o calzón e as polainas.

- ✱ Unha das festas populares que estudou Fraguas nas súas obras foi o Entroido. Asocia as imaxes de figuras típicas desta festa cos seus nomes.



Pantallas de Xinzo



Madamas e galáns de Cobres



Xenerais da Ulla



Peliqueiros de Laza


Recolle algún costume tradicional relacionado co Entroido na túa zona.




6.º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- * O título do cartel 8 é "Cotobade na RAG". Pensa por que se titulará así. Explicao. Para iso pódeste fixar nos textos dos carteis ou escoitar o vídeo da biografía.
- * No discurso de ingreso na Real Academia Galega (RAG), Antonio Fraguas falou sobre as coplas que se cantaban nas ruadas da súa aldea. Localízao nesta ligazón do web da Real Academia Galega:
<https://academia.gal/documents/10157/27090/Ant%C3%B3n+Fraguas+Fraguas.pdf>.

Escolle algunha copla das que máis che gusten.



- * Coa axuda da mestra ou do mestre ou especialista de educación musical, recreade unha ruada empregando distintos instrumentos musicais que puidese haber na época.



* O cartel 5 titúlase "Anos de escuridade". Na biografía da *Real Academia Galega* aparece este texto: "O soño rematou en 1936, en que é humillado publicamente polos falanxistas e destruído o museo".



- Que aconteceu en 1936?
- Como marcou a súa vida?

- * O pai de Antonio Fraguas emigrou por falta de medios económicos. Pola contra, Castelao, profesor e bo amigo seu, tivo que marchar de Galicia por motivos políticos.
 - A onde foi cada un deles?
 - Investiga para saber por que Castelao tivo que fuxir e por que a súa cadeira na Real Academia Galega estivo baleira uns anos.



* Leva o escornabot á época onde Fraguas lle doou a súa biblioteca ao Museo do Pobo Galego. O debuxo dese cartel fai alusión a unha escaleira pola que Antonio Fraguas subiu moitas veces.

- Cal é o número do cartel?
- Quen fixo esa escaleira? Onde se atopa?




* Es quen de descubrir as 22 facetas profesionais de Antonio Fraguas neste rebumbio de letras?



| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A | D | T | M | B | I | O | G | R | A | F | O | G | L | A | E | B | E | P | U | A | H | E | T |
| R | I | L | E | I | F | S | O | R | A | E | N | S | A | I | S | T | A | O | T | E | G | S | O |
| T | V | T | A | B | C | I | P | E | N | D | T | S | R | O | C | I | V | L | A | F | U | T | N |
| I | U | V | N | L | O | G | R | I | D | X | H | T | A | D | R | E | P | I | D | V | E | S | R |
| C | L | C | F | I | L | C | O | N | F | E | R | E | N | C | I | A | N | T | E | R | P | U | S |
| U | G | P | H | O | A | N | F | V | T | O | C | T | T | S | T | C | X | I | C | F | B | O | U |
| L | A | S | Z | T | B | H | E | E | D | G | S | N | R | G | O | A | T | C | O | P | A | R | T |
| I | D | C | V | E | O | A | S | S | F | R | C | O | O | A | R | D | X | O | D | I | F | X | O |
| S | O | R | S | C | R | U | O | T | I | A | N | G | P | P | R | E | S | I | D | E | N | T | E |
| T | R | D | E | A | A | C | R | I | D | F | C | R | O | H | S | M | L | P | O | T | R | O | I |
| A | I | F | O | R | D | V | E | G | T | O | U | A | L | G | D | I | R | E | C | T | O | R | P |
| F | T | A | P | I | O | T | E | A | N | A | D | F | O | P | A | C | E | I | N | S | X | T | O |
| H | I | S | T | O | R | I | A | D | O | R | D | O | G | I | N | O | T | D | S | V | C | A | T |
| T | O | L | P | B | R | O | Z | O | D | F | S | C | O | L | A | B | O | R | A | D | O | R | A |
| H | U | L | O | C | U | T | O | R | Z | S | E | C | R | E | T | A | R | I | O | C | D | P | E |





* A Antonio Fraguas encantábanlle os libros e ao longo da súa vida foise facendo cunha gran colección, privándose de mercar outras cousas. Nesta afección foi unha gran colaboradora a súa dona, Teresa, quen tamén lles deu prioridade aos libros porque, como el dicía, "os libros son compañeiros infatigables". Sabes onde podemos atopar agora a súa biblioteca persoal?

- * Le a biografía de Antonio Fraguas e realiza unha liña do tempo. Destaca nela os feitos máis importantes da súa vida e da súa obra.
- * Antonio Fraguas ten moitas publicacións sobre a nosa literatura oral popular. Tentade que algún dos vosos avós ou avoas veñan un día con xoguetes de antano para ensinarvos a xogar, contarvos lendas e contos da zona e cantarvos coplas. Tamén podedes visitar un centro da terceira idade, se o hai no voso concello.
- * Antonio Fraguas foi membro do Consello da Cultura Galega. Accede á seguinte ligazón (https://gl.wikipedia.org/wiki/Consello_da_Cultura_Galega) e contesta as seguintes preguntas:
 - Que é o Consello da Cultura Galega?
 - Onde ten a súa sede?
 - Outra institución da que Antonio Fraguas formou parte antes da guerra foi o Seminario de Estudos Galegos. En que ano ingresou nela?
 - Localiza a Antonio Fraguas nesta fotografía onde está con outros compañeiros:



- * Este noso "campesiño ilustrado" xa de novo tiña idea de facer un museo. Nós imos recoller esa idea e organizar no centro unha exposición de obxectos antigos. Lanzamos para vós esta proposta. Non esquezades poñerlles tarxetas en galego coa descrición de cada obxecto. Buscade candís, ferros de pasar e vestimentas antigas, fotos, un refaixo... Lembrade que estaremos todos os colexios moi agradecidos se o compartides nas redes.



* Nos seus escritos sobre xeografía, Antonio Fraguas estudou os montes, os ríos, as rías, pero tamén os animais, as árbores e as plantas, que tanto lle gustaban, e os seres humanos.

- Le o texto e subliña os animais cun lapis vermello e os vexetais cun lapis azul.

"Coa herba aparece o bosque de grandes árbores, bosque alto, e de mato; xestas, urces, toxos, piornos, codesos, toxos e carqueixas."

"O bosque está formado por carballos, que constitúen os clásicos grupos das nosas carballeiras. Foron moi importantes os castiñeiros, mais a peste minguounos moitísimo. [...] Os bidueiros, que medran nos lugares de media montaña en terras húmidas. Soltos, algún acivro de certa importancia, teixos, freixos, chopos, mimosas, loureiros, bieiteiros, sanguíños, salgueiros e outras árbores e arbustos. [...] Herbas e bosques constitúen un gran tesouro na nosa montaña."

"Inda vén o oso ás terras de Lugo, pero só pode pasar a certas serras dos lindes ourensáns, e iso moi contadas veces. [...] É abundante o raposo e o mesmo os teixugos [...]. Inda hai en certas montañas cervos, corzos e a cabra montesa, e os máis miúdos: donicela, lebres, ratas e os animais aos que a xente lles ten medo como as serpes, píntegas, a víbora, sapos e lagartos."

"Son estimados os paxaros: rulas, merlos, gaios, tordos, paspallases, perdices, cada vez en menos cantidade, os pombos, os miñatos, os mouchos, as aguias; e os máis pequenos, paporrubio, escribidora e o máis pequeno de todos, o carrizo."

"Galicia. A terra e o mar: a xeografía" (adaptación).

- Rodea no texto os nomes das árbores correspondentes ás imaxes.



- Accede a esta ligazón (<http://www.rios-galegos.com/>) e busca os animais, as árbores e as plantas que aparecen no texto para coñecelos mellor.

NUNCA VOS ESQUEZADES DAS VOSAS RAÍCES!





BIBLIOGRAFÍA

Fraguas Fraguas, A. (1980). *Galicia. A terra e o mar. A xeografía. Historia de Galicia, I.*: Cupsa - Planeta

Antonio Fraguas Fraguas, 1905 - 1999. Ofrenda no seu centenario, Museo do Pobo Galego - Fundación Antonio Fraguas Fraguas - Xunta de Galicia:

Fernández del Riego, F.: "O galeguista de Cotobade".

González Pérez, C.: "Antonio Fraguas Fraguas, 1905-1999: Vida e obra".

González Reboredo, X. M.: "O etnógrafo Antonio Fraguas".

Eiras Roel, A.: "O profesor Antonio Fraguas e as súas achegas á historiografía galega do século XX".

Guintián, L.: "A xeografía na obra de don Antonio Fraguas".

Enríquez Morales, M.^a X.: "Don Antonio Fraguas: unha vida dedicada á docencia".

Beramendi González, J.: "O soldado fiel".

García Martínez, C.: "Na rodeira do Seminario de Estudos Galegos".

Fernández Cerviño, M.^a X.: "Os doce mil fillos de don Antonio (e unha manda de afillados)".

Precedo Lafuente, M. X.: "A relixiosidade de don Antonio Fraguas".

Fraguas Fraguas, A. (1996). *A festa popular en Galicia*. A Coruña: Ed. do Castro.

González Pérez, C. (1998). *Galegos na Historia: Antonio Fraguas Fraguas: profesor, xeógrafo, historiador, antropólogo, galego de ben*. Vigo: Editorial Ir Indo.

González Reboredo, X. M. "Notas dunha conversa con Antonio Fraguas", *Revista Galega do Ensino*, 17, novembro, 1997.

Torres Queiruga, A. "Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999)", *Encrucillada*, 115, 1999.

Villanueva Gesteira, M. (2019). *Antonio Fraguas. Mestre da memoria*. Vigo: Galaxia.






WEBGRAFÍA

- Blog *Anxopictogramas*:

<https://anxopictogramas.blogspot.com/2019/03/conto-con-pictogramas-casamento-da-pulga.html>

- Blog da biblioteca do centro. Aloxa o seguinte *Symboloo* sobre Antonio Fraguas:

<http://equipobibliosaluis.blogspot.com/2019/01/preparando-xa-as-letras-galegas.html>



- Galipedia: https://gl.wikipedia.org/wiki/Ant%C3%B3n_Fraguas
- Materiais do Seminario Galán: <http://seminariogalan.org/>
- Museo do Pobo Galego: <http://museodopobo.gal/web/fraguas.php?accepta=1>
- Portal Aragonés de Comunicación Aumentativa e Alternativa: <http://www.arasaac.org/>
- Portal da Lingua Galega: <http://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/dia-das-letras-galegas>
- Real Academia Galega: <https://academia.gal/letras-actual>. Contén unha biografía de Antonio Fraguas Fraguas.



FOTOGRAFÍAS

O fondo fotográfico utilizado na elaboración dos carteis e da guía pertence ao arquivo do Museo do Pobo Galego. Contouse coa autorización expresa para a súa utilización e difusión nesta guía e carteis impresos e para a versión web da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Para a elaboración desta guía empregamos fotografías dos carteis realizados nas diferentes aulas do noso centro, coa colaboración de todo o alumnado e o profesorado, e fotografías atopadas na rede e etiquetadas para utilizar.





“Eu traballei sempre por e para Galicia. Unhas veces, acertei, outras non pero en todo canto levo feito puxen sempre toda a miña ilusión, todo o pouco que sei, sen esperar nunca nada a cambio.”

Antonio Fraguas